



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Inglés-Galego

Materia	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01932			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Lorenzo García, María Lourdes			
Profesorado	Lorenzo García, María Lourdes			
Correo-e	llorenzo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten por obxectivo ofrecer ao alumnado unha panorámica da tradución nos servizos culturais (inglés/galego). Centrarase nas necesidades de tradución en ámbitos como: xestión e tradución de patrimonios culturais, organización de eventos e publicidade. Especial dedicación se prestará a servizos que atendan a discapacidade: subtitulación para xordos e audiodescrición para cegos.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C12	Posuír unha ampla cultura
C16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
C17	Capacidade de tomar decisións
C22	Destrezas de tradución
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
C27	Capacidade de razoamento crítico
C29	Formación universitaria específica
C32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
D4	Resolución de problemas
D5	Coñecementos de informática aplicada
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Toma de decisións
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D9	Razoamento crítico

D10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Traballo en equipo
D13	Traballo nun contexto internacional
D14	Motivación pola calidade
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D18	Creatividade
D19	Iniciativa e espírito emprendedor
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D23	Capacidade de traballo individual

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Aprender a traducir textos derivados dos sectores dos servizos culturais na combinación inglés/galego e, en xeral, adquirir as competencias de tradución propias da especialidade da tradución de servizos culturais.	A1 A2	C3 C4 C8 C16 C17 C22	D4 D7 D8 D9 D12 D16 D22
Desenvolver competencias profesionais prospectivas, baseadas no coñecemento das dinámicas do mercado, no comportamento e expectativas da clientela e na anticipación de necesidades.	A1 A2 A3	C1 C2 C3 C8 C17 C22	D7 D8 D9 D14 D16
Coñecer e manexar todas as fontes de documentación ao noso alcance para traducir con profesionalidade textos do ámbito dos servizos culturais na combinación lingüística inglés>galego.		C8	D5 D6
Saber defender, avaliar e realizar con profesionalidade traducións a partir dun amplo abano de textos, encargos e formatos característicos de diversos ámbitos culturais na combinación lingüística inglés>galego.		C16 C17 C22	D4 D12 D14 D16
Coñecer a diversidade de ámbitos de especialidade e tipoloxías textuais da tradución no eido dos servizos culturais entre o inglés e o galego. Ampliar a cultura xeral, ser conscientes das lagoas propias e fomentar a curiosidade.		C12 C25 C26 C27 C29 C32	D8 D9 D10 D11 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D22 D23

## Contidos

Tema	
1. Os servizos culturais: diversidade de textos e contextos	1.1. A cultura e os servizos culturais: definición 1.2. Os servizos culturais: tipoloxía
2. Os textos turísticos	2.1. Textos turísticos ingleses e galegos: análise contrastiva de convencións con vistas a unha tradución funcional 2.2. Ámbitos (museos, concellos...) e formatos (folletos, páxinas web): a tradución do patrimonio cultural
3. Os textos publicitarios	3.1. Textos publicitarios: análise e tradución funcional 3.2. Tradución subordinada: o peso da imaxe na tradución
4. Os textos na organización de eventos	4.1. Textos de congresos, feiras, exposicións.
5. Tradución e accesibilidade	5.1. Subtitulación para xordos 5.2. Audiodescrición para cegos

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	6	9

Estudo de casos/análises de situacións	8	16	24
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	7	30	37
Saídas de estudo/prácticas de campo	1	5	6
Sesión maxistral	20	6	26
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	3	9	12
Traballos e proxectos	6	30	36

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión de presentación da guía docente e actividades de repaso sobre conceptos básicos de tradución (que se aplicarán na materia).
Estudo de casos/análises de situacións	Presentación de textos reais (folletos dun museo, páxina web dun concello, audiodescrición dunha película...) que o alumnado deberá analizar e avaliar criticamente.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Os alumnos traballarán os textos de forma individual ou en grupos, atendendo ás dificultades traditolóxicas dos mesmos. Estas sesións poden desenvolverse en aula ou na biblioteca, monitorizados neste caso en tempo real a través de faitic pola profesora.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Organizaranse visitas a institucións, museos, etc. para que o alumnado vexa de primeira man as necesidades de mediación lingüística. Preténdese que destas visitas poida derivarse un proxecto real de tradución que formará parte da avaliación da materia.
Sesión maxistral	A profesora presentará os puntos teóricos mediante presentacións de power point. Pero serán sesións de natureza participativa nas que se espera que os alumnos interveñan con preguntas, suxestións, etc.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	Atención personalizada a todo o alumnado mediante titorías presenciais ou telemáticas para a resolución de calquera dúbida sobre as sesións, os traballos, a avaliación, etc.
Probas	Descrición
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Atención personalizada a todo o alumnado mediante titorías presenciais ou telemáticas para a resolución de calquera dúbida sobre as sesións, os traballos, a avaliación, etc.
Traballos e proxectos	Atención personalizada a todo o alumnado mediante titorías presenciais ou telemáticas para a resolución de calquera dúbida sobre as sesións, os traballos, a avaliación, etc.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Aplicación das destrezas e coñecementos desenvolvidos mediante as demais metodoloxías na realización de distintas tarefas propias da tradución profesional no ámbito dos servizos culturais (encargos de tradución, revisión, etc.).	20	A1 A2 A3	C1 C2 C3 C4 C8 C17 C22	D4 D6 D7 D9 D14 D18 D22
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Realización dun exame final sobre os contidos da materia.	30	A1 A2 A3	C1 C2 C3 C4 C8 C17 C22	D4 D6 D7 D9 D14 D18 D22

Traballos e proxectos	O alumno terá que realizar un proxecto de curso (individual ou en grupos reducidos) relacionado cos ámbitos da materia: tradución de folletos dunha exposición, audio-guía dun museo, subtitulación para xordos dunha película ou calquera outro que estea vencellado a servizos culturais. Contará co asesoramento da profesora durante a súa realización.	50	A1	C1	D4
			A2	C2	D5
			A3	C3	D6
				C4	D7
				C8	D8
				C16	D9
				C17	D12
				C22	D14
					D16
					D18
					D19
					D22

---

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá acollerse a avaliación continua ou única (sendo a primeira a máis recomendable). Aquel alumno que opte pola única deberá informar por escrito á profesora nas dúas primeiras semanas de clase.

Para acollerse á avaliación continua é preciso realizar todos os exercicios, encomendas e probas contemplados no curso.

No caso de avaliación única, a avaliación consistirá nunha única proba presencial sobre todos os contidos da materia na última sesión da materia.

Na segunda edición de actas (xullo) a avaliación será idéntica á avaliación única e a data do exame estará fixada no calendario oficial do centro.

---

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía:

BHABHA, Homi K. (1994) *The Location of Culture*. Londres:Routledge.

MONTERO DOMÍNGUEZ, X. (ed.) (2014) *Traducción e industrias culturales. Nuevas perspectivas de análisis*. Fráncfort: Peter Lang.

RONSEL (2008) *Plan para a salvagarda e posta en valor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia*. Ourense: Ronsel.

Xunta de Galicia (2012) Turgalicia.es [en rede]URL: <http://www.turgalicia.es/>

Xunta de Galicia. Guía de Recursos en Rede de Lingua Galega por materias e temática:  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cfrcoruna/?q=node/177>

#### Obras de consulta léxica e gramatical:

Álvarez, Rosario & Xove, Xosé. (2002) *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Castro Macía, Luís. (2006). *Diccionario Xerais de sinónimos e antónimos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Fernández Salgado, Benigno (dir.). (2004). *Diccionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Guinovart, Xavier. (coord.). (2008). *Diccionario CLUVI inglés-galego*. <http://sli.uvigo.es/diccionario>.

RAG-ILG (2003) *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. 18ª ed., revisada. A Coruña: RAG-ILG.

VV.AA. (2000). *Gran Diccionario Xerais da Lingua Galega*. Vigo: Xerais.

VV.AA. (2012). *Diccionario moderno inglés-galego*. Ames: 2.0 Editora.

VV.AA. (2012). *Superdiccionario castelán-galego*. Cangas do Morrazo: Editorial Morgante.

Webster's Third New International Dictionary of the English Language Unabridged. (1993). Colonia: Könenmann.

\* Esta bibliografía básica será complementada na clase.

---

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

---

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209

Idioma 2, III: Inglés/V01G230V01305

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés/V01G230V01417

Tradución idioma 2, III: Inglés-Galego/V01G230V01609

---